

"Disque onde temos o instituto había unha telleira!"

Soubemos que onde hoxe é o noso Instituto houbo non hai moito unha telleira. De aí o Nome "IES. As Telleiras". E mira por onde nós sabiamos que a bosa familia fora dona dunha telleira, por iso decidimos preguntarlle a nosa avoa Maruja sobre o tema.

O que leredes a continuación é o resultado da nosa entrevista con ela, eso si, con fins xornalísticos, ademais do interese por saber máis do noso pasado, do noso instituto...



Telleira de Alonso

-Avoa, cantos anos tes?

- Corenta en cada pé... E logo... nos vos invitei en setembro o meu cumpleanos? Non vos decatades?

-Avoa, xa che explicamos que isto era unha entrevista... (Vai ser complicado a nosa avoa é Galega!!!)

-Cando ti naciches, teus pais xa tiñan a telleira?

Telleiros sacando barro da mina

-Non, eles eran labradores.

A meu pai morreulle a nai de pequeno (tiña outras tres irmás, unha delas (Carmen) casada co dono da Telleira de Leira (Antonio Leira)), o pai emigrou para Cuba e eles criáronse coa avoa materna.

Casou coa miña nai que era de San Sadurniño (a avoa sempre lle dicía: "O que lonxe vai casar, ou trampa leva ou a vai buscar").

Ós meses de nacer eu mándanme para a casa da miña avoa de San Sadurniño porque co traballo que tiñan, non me podían coidar.

Os doce anos meus pais xa ían mellorando e quixeron que volvese Ó Feal (daquela xa tiña outros dous irmáns).

-A Telleira fixérona eles ou era dalgún familiar? Como cres que aprenderon teus pais o oficio?

-Antes de facer eles a súa Telleira xa estaban a de Perfecto, a de Bernabé e a que estaba onde está agora o instituto.

Eles montan a primeira telleira, detrás da súa casa (o que é agora Bar Alonso, dun neto supoño), porque tiñan barro e coñecían o traballo polas outras telleiras que estaban cerca.

Traballábana papá, mamá e dous ou tres obreiros de San Mateo.

Alí recordo que tiñan:

*Unha amasadora do barro que se movía cunha vaca.

*Collían o barro de aquí con carretas e botábano noutra máquina que funcionaba a man; desta xa saía o barro coa forma do ladrillo e íbano cortando cun alambre.

*Recollíanos en carretas e poñíanos a secar o sol enriba de táboas. Cando xa non estaba tan brando e o podían mover “jambetábano”: facían torres con eles non mais altas dun metro e colocábanos uns atravesados con outros para que o aire entrase por todos os lados e secasen ben.

*Seco do sol, pasaba o forno.

O forno era redondo duns cinco metros de altura e outros cinco metros mais, ou menos de lado a lado. O chan do forno era un brasiero de toxo cunhas grellas encima onde apilaban o ladrillo. O forno tiña unha porta que pechaban con ladrillo e barro. Meus pais eran os que se encargaban do forno. Cocer podía durar tres días e eles tiñan que manter o forno aceso (repoñendo toxo) día e noite. Despois había que enfrialo pero non me acordo como o facían, o mellor só había que esperar...!

- Traballabades todos na telleira?

- Meus irmáns e eu non comezamos a traballar na telleira ata os quince-dezaseis anos (antes íamos á escola) e daquela xa tiña meu pai outra telleira (onde agora está Nutrigal), porque na da casa xa se acabara o barro.

-Que traballos facía cada un?

-O meu pai: organizaba o traballo e os obreiros, que tamén os ía buscar el a Pontevedra.

-A miña nai:

* Lavaba unha vez á semana a roupa dos obreiros, coa que ían vestidos. Para durmir no catre traían eles unha manta escura coa que se tapaban e eu non recordo que se lavara en toda a tempada. Recordo o cheiro da roupa..., viña chea de piollos.

* Facía o caldo, que era a única comida que se lles daba. Facíao na casa e despois levábao á telleira. Alí os nenos quentábano.

Almorzaban caldo.

Xantaban caldo con touciño e dous días a semana, guiso de carne.

Ceaban caldo.

Dábaselles pan de mestura (todo o que querían). Nós comprabamos o maízo, amasabámolo na casa e levabámolo ó forno unha vez cada oito días.

Non se comía outra cousa, nin os obreiros nin nós, pero eles, ós poucos meses de estar aquí, engordaban.

-Os meus irmáns: facían o mesmo traballo que meu pai, controlar os obreiros.

-Cóntanos, como era un día normal para ti?

*Levantábame e facía o traballo da casa:

*Limpaba.

*Facía o caldo con leña (había que empezar a facelo moi cedo)

*Lavaba a roupa no pilón e a auga tiña que quitar do pozo con roldana, (íaa á busca e a levala en sacos que levaba na cabeza).

* O traballo no terreo nunca mo mandaran. Daquela meus pais, xa abriran unha tenda que tamén atendían eles (o que agora é o Bar Alonso).

-Tiñades outras persoas que vos axudaban na Telleira? De onde viñan? Traballaban aquí todo o ano? Viñan sós ou coa súa familia? Canto cobraban? Onde se instalaban?

-Na primeira Telleira, só lles axudaban dous ou tres obreiros de San Mateo. Na segunda, o principio, tiñan poucos, despois tiñan sete u oito de Pontevedra. Viñan a principios de maio e íanse ó rematar setembro. Case sempre viña xente repetida (unicamente fosen vagos). Moitos quedaron aquí (e comeza a nomnomer veciños que nós coñecemos: Alfredo, Celeste, Armán, Domingo...).

Xuntábanse os donos das Telleiras e ían buscalos a Pontevedra, eu entendía que alí había coma unha especie de feira onde os contrataban. Ían e volvían no tren. Só viñan homes e algúns nenos e/ou nenas, de máis ou menos doce anos, que viñan para quentarlles a comida.

Aquí dormían en colchonetas nunha especie de chabolas, nun aparte comían, alí tiñan a súa taza, que marcaban cun coitelo (porque non se soía lavar) e gardábana bocaabaixo.

-Que se fabricaba na vosa Telleira?

-Ladrillos e algunha tella (as dúas con máquina).

-Este material, comprábano os construtores da zona ou enviábase lonxe de aquí?

-Todo ía para a construción de Ferrol, ó Ensanche e ás Casas Baratas. Ían nun carro de bois contratado. O carro era de xente labradora que vivía cerca das Telleiras e que tamén se dedicaban a carretar.

-As outras telleiras fabricaban o mesmo material que vós ou outras cousas?

-Recordo que, ó final, o fillo do Cadilla facía macetas, petos (huchas), cazolas... que levaban á feira. Era xente de Pontevedra que se instalaron aquí.

- A telleira permitíavos vivir ben ou viviades pasando grandes necesidades?

Dende que comezaron a traballala, meus pais melloraron moito. Ampliaron a Telleira e adquiriron moitas propiedades. Nós nunca pasamos nin fame nin frío, que era o máis normal daquela.

-Cando pechastes a telleira e por que? Que se fai con todo o material?

- A telleira péchaa meu pai polo ano 1972. Os últimos anos traballábana sós meus dous irmáns. Foi unha venda, por un lado vendeu o terreo e por outro a maquinaria. Foi unha das últimas en pechar. Daquela quedaban só abertas Campo e Arzúa.

MARINA LAURA FILGUEIRA MARTÍNEZ, 2ºA ESO
ROBERTO FILGUEIRA MARTÍNEZ, 3º C ESO